

BORRADOR DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 30 DE XUÑO DE 2015.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Luís Rivas Cruz

Concelleiros:

- Dna. Raquel Val Vázquez
- Ana Ledo Fernández
- Sandra Sánchez Iñiguez
- Abelardo Seoane Vázquez
- José Balado Casal
- D. Gonzalo Concheiro Coello
- Dna. María Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Rogelio Sueiro Carro
- D. Luís Rico Vereá

Secretaria-Interventora:

Dna. Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20:03 horas do día 30 de xuño de dous mil quince, xúntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde D. José Luís Rivas Cruz

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido a alcaldesa abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN CONSTITUTIVA DE DATA 13/06/2015

Coñecidas polos/as asistentes a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión constitutiva da corporación municipal de data 13/06/2015, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non son formuladas observacións polo que o Pleno municipal por unanimidade con once votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, tres dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, dous do grupo municipal do BNG e un do membro non adscrito **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión constitutiva da corporación municipal de data 13/06/2015.

2.- PROPOSTA ALCALDÍA PERIODICIDADE SESIÓNS PLENARIAS ORDINARIAS

Pola Secretaría dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se reproduce literalmente:

PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PERIODICIDADE DAS SESIÓN PLENARIAS ORDINARIAS

Os efectos de dar cumprimento o disposto no artigo 38 do R.O.F., e disposicións concordantes tendo en conta o disposto nos artigos 46.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local, 78.1 do RD

2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais propoño o Pleno do Concello de Boimorto a aprobación do seguinte **ACORDO** :

PRIMEIRO.- O Pleno do Concello de Boimorto celebrará sesións ordinarias, con carácter periódico cada dous meses, coincidindo cos meses pares o último xoves de cada mes ás 20:00, horas salvo o mes de agosto no que se pasa a sesión plenaria para o mes de setembro e, polo tanto celebrará sesión ordinaria nos seguintes meses; febreiro, abril, xuño, setembro, outubro e decembro. En caso de coincidir que o último xoves de cada mes correspondente para a celebración da/s sesión/s ordinaria/s plenarias fose inhábil a sesión ordinaria celebraríase o seguinte día hábil á mesma hora.

SEGUNDO.- Facultar á Alcaldía presidencia para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

TERCEIRO.- Que queden derogados Decretos, acordos, resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo así como delegacións de competencias do Pleno na Xunta de goberno local ou Alcaldía non acordadas expresamente polos membros da nova Corporación constituída tralas eleccións municipais en maio de 2015.

Boimorto, 24 de xuño de 2015

O ALCALDE:

Asdo.- José Luís Rivas Cruz>>>

Explica a Alcaldía que serán celebrados os plenos cada dous meses polo tanto os últimos xoves .

Sen máis intervencións por unanimidade con 11 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, tres dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE , dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG e un do concelleiro membro non adscrito o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- O Pleno do Concello de Boimorto celebrará sesións ordinarias, con carácter periódico cada dous meses, coincidindo cos meses pares o último xoves de cada mes ás 20:00, horas salvo o mes de agosto no que se pasa a sesión plenaria para o mes de setembro e, polo tanto celebrará sesión ordinaria nos seguintes meses; febreiro, abril, xuño, setembro, outubro e decembro. En caso de coincidir que o último xoves de cada mes correspondente para a celebración da/s sesión/s ordinaria/s plenarias fose inhábil a sesión ordinaria celebraríase o seguinte día hábil á mesma hora.

SEGUNDO.- Facultar á Alcaldía presidencia para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

TERCEIRO.- Que queden derogados Decretos, acordos, resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo así como delegacións de competencias do Pleno na Xunta de goberno local ou Alcaldía non acordadas expresamente polos membros da nova Corporación constituída tralas eleccións municipais en maio de 2015.

3.- PROPOSTA ALCALDÍA CREACIÓN E COMPOSICIÓN COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS

Pola Secretaría dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se reproduce literalmente:

<<PROPOSTA DA ALCALDÍA CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS

Considerando que é inherente o sistema democrático que o goberno dos Concellos sexa ostentado pola maioría natural pero conxugando este principio se fose posible coa participación de todas as forzas políticas en todos os órganos colexiados.

Sendo un principio do bo goberno que aquel que ten a responsabilidade de gobernar debe de estruturar á administración e polo tanto os órganos decisorios e consultivos da forma máis idónea para a defensa dos intereses xerais intentando que exista unha maior participación dos representantes políticos nas tarefas de goberno coa finalidade de lograr unha eficacia na súa actuación con economía de medios persoais e materiais.

Polo tanto e a efectos de dar cumprimento o disposto no artigo 38 do ROF en relación co disposto nos artigos 123 a 127 da mesma norma e disposicións concordantes popoño o Pleno para a súa aprobación se procede o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Crear a Comisión informativa de carácter Permanente Especial de Contas de existencia preceptiva segundo o artigo 116 da Lei 7/1985 de 2 de abril acordando o seu carácter permanente para que actúe como Comisión de Facenda e especial de Contas correspondendolle:

O exame estudo e informe das contas anuais así como competencias en asuntos que deban someterse o Pleno e versen sobre as seguintes materias: orzamentos, ingresos e gastos, aprobación de operacións financeiras ou de crédito, concesións de quitas ou esperas cando os eu importe non exceda do 5% dos recursos ordinarios do orzamento, imposición e ordenación dos recursos propios de carácter tributario, ordenanzas fiscais, contribucións especiais, recaudación, subvencións, modificación e habilitación de créditos, outras materias que estén relacionadas coas anteriores

En aplicación do artigo 125B) do ROF e estará integrada por cinco membros, o Alcalde que será Presidente e en aplicación do voto ponderado previsto no artigo 66.2 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia (en relación cós 67 e 68) representará douros votos, un representante do grupo municipal do PP con voto ponderado 5, un representante do grupo municipal do PSdG- PSOE con voto ponderado 3 e o membro non adscrito cun voto debendo os grupos citados dar a adscripción concreta dos membros, que en representación de cada grupo van formar parte desta Comisión no prazo de dez días hábiles dende a data de celebración do Pleno no que se aprobe a composición da citada Comisión mediante escrito do Portavoz do grupo municipal dirixido o Alcalde e do que se dará conta o Pleno **oidendose designar un suplente por cada titular.**

SEGUNDO.- Fixar a celebración das sesións da comisión informativa especial de contas ás 11:00 horas dous días antes da data da convocatoria do Pleno da Corporación.

TERCEIRO.- A Presidencia das Comisións informativas corresponderá o Sr. Alcalde.

CUARTO.- Facultar o Alcalde Presidente para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo e que queden derogados Decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo.

Boimorto, a 24 de xuño de 2015.

O ALCALDE:

Asdo.- José Luís Rivas Cruz

Explica Alcaldía o sistema do voto ponderado para evitar a reprodución exacta do pleno en comisión informativa aclarando antes as dúbidas manifestadas pola concelleira do PP D^a M^a Jesús Novo que o representante do grupo municipal do PP na votación en comisión informativa permanente especial de contas con funcionamento baixo o réxime do voto ponderado terá 5 votos.

Sen máis intervencións por unanimidade con 11 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, tres dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE , dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG e un do concelleiro membro non adscrito o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Crear a Comisión informativas de carácter Permanente Especial de Contas de existencia preceptiva segundo o artigo 116 da Lei 7/1985 de 2 de abril acordando o seu carácter permanente para que actue como Comisión de Facenda e especial de Contas correspondendolle: O exame estudo e informe das contas anuais así como competencias en asuntos que deban someterse o Pleno e versen sobre as seguintes materias: orzamentos, ingresos e gastos, aprobación de operacións financeiras ou de crédito, concesións de quitas ou esperas cando os eu importe non exceda do 5% dos recursos ordinarios do orzamento, imposición e ordenación dos recursos propios de carácter tributario, ordenanzas fiscais, contribucións especiais, recaudación, subvencións, modificación e habilitación de créditos, outras materias que estén relacionadas coas anteriores

En aplicación do artigo 125B) do ROF e estará integrada por cinco membros , o Alcalde que será Presidente e en aplicación do voto ponderado previsto no artigo 66.2 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia (en relación cós 67 e 68) representará dou votos, un representante do grupo municipal do PP con voto ponderado 5, un representante do grupo municipal do PsdG- PSOE con voto ponderado 3 e o membro non adscrito cun voto debendo os grupos citados dar a adscripción concreta dos membros, que en representación de cada grupo van formar parte desta Comisión no prazo de dez días hábiles dende a data de celebración do Pleno no que se aprobe a composición da citada Comisión mediante escrito do Portavoz do grupo municipal dirixido o Alcalde e do que se dará conta o Pleno **poidendose designar un suplente por cada titular.**

SEGUNDO.- Fixar a celebración das sesións da comisión informativa especial de contas ás 11:00 horas dous días antes da data da convocatoria do Pleno da Corporación.

TERCEIRO.- A Presidencia das Comisións informativas corresponderá o Sr. Alcalde.

CUARTO.- Facultar o Alcalde Presidente para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo e que queden derogados Decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo.

4.- PROPOSTA ALCALDÍA NOMEAMENTO REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS

Pola Secretaría dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se reproduce literalmente:

<<PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS

En aplicación do disposto no artigo 38.c) do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro proponho que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Designar a Dna. Sandra Sánchez Iñiguez como representante do Concello de Boimorto no Consello Escolar.

SEGUNDO.- Que sexa a propia Alcaldía quen represente o Concello de Boimorto na Asociación “Grupo de Desenvolvemento Rural UTM 23: Ulla, Tambre, Mandeo”.

TERCEIRO.- Comunicar este acordo ós órganos colexiados correspondentes e facultar o Alcalde Presidente para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo e que

queden derogados decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo.

Boimorto, 24 de xuño de 2015
O Alcalde

Asdo.- José Luís Rivas Cruz

Maniféstanse cinco concelleiros a favor do punto primeiro e seis en contra que foron os concelleiros do grupo municipal do PP e o membro non adscrito polo que o nomeamento de Sandra Iñíguez como representante do Concello de Boimorto no Consello Escolar non foi aprobado polo Pleno municipal .

Sen máis intervencións por unanimidade con 11 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, tres dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE , dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG e un do concelleiro membro non adscrito o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Que sexa a propia Alcaldía quen represente o Concello de Boimorto na Asociación “Grupo de Desenvolvemento Rural UTM 23: Ulla, Tambre, Mandeo”.

SEGUNDO.- Comunicar este acordo ós órganos colexiados correspondentes e facultar o Alcalde Presidente para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo e que queden derogados decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo.

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE INDEMNIZACIÓNS E CONTÍA ASISTENCIAS PARA MEMBROS DA CORPORACIÓN LOCAL

Pola Secretaría dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se reproduce literalmente:

<<PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RETRIBUCIÓNS INDEMNIZACIÓNS E ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

De conformidade co disposto no artigo 75 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 14/2000, de 28 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orden social, propono o Pleno do Concello de Boimorto para a súa aprobación se procede do seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Asistencias:

Tódolos membros da Corporación, por non existir cargo con dedicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

A.- Por asistencia a Plenos, Xunta de goberno e Comisións informativas sesenta euros (60€) por sesión.

SEGUNDO.- Dietas e gastos de locomoción:

Aqueles membros da corporación que realicen comisións de servizo fóra do término municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o grupo I no Real Decreto 462/2002, de 4 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, da seguinte maneira:

- Dieta enteira, nos casos con pernocta.

- Media dieta, noutro caso.

A indemnización que se percibirá como gasto da viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servicio será a cantidade por quilómetro percorrido que se indica no Real Decreto citado no punto anterior e demais normas posteriores de actualización. Nos restantes casos, indemnizaráse polo importe do billete ou pasaxe empregada.

TERCEIRO.- Que queden derogados Decretos, acordos resolucíons e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo incluíndo bases de execución do orzamento municipal dando exposición pública por 15 días e entendendo que de non presentarse alegacións quedarán derogadas as bases de execución do orzamento municipal que se opoñan a este acordo.

Boimorto, 24 de xuño de 2015

O ALCALDE:

Asdo.- José Luís Rivas Cruz

Expón a Alcaldía que non vai ter dedicación exclusiva e dicir non vai cobrar un soldo mensual limitándose a pasar kilometraxe e dietas.

A concelleira do grupo municipal do PP D^a M^a Jesús Novo pregunta en relación có nomeamento de tenentes de alcalde, membros de xunta de goberno local o que se respoosta que e competencia de Alcaldía.

Sen máis intervencións por unanimidade con 11 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, tres dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE , dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG e un do concelleiro membro non adscrito o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Asistencias:

Tódolos membros da Corporación, por non existir cargo con dedicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

A.- Por asistencia a Plenos, Xunta de goberno e Comisións informativas sesenta euros (60€) por sesión.

SEGUNDO.- Dietas e gastos de locomoción:

Aqueles membros da corporación que realicen comisións de servicio fóra do término municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o grupo I no Real Decreto 462/2002, de 4 de maio, sobre indemnizacións por razón do servico, da seguinte maneira:

- Dieta enteira, nos casos con pernocta.
- Media dieta, noutro caso.

A indemnización que se percibirá como gasto da viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servico será a cantidade por quilómetro percorrido que se indica no Real Decreto citado no punto anterior e demais normas posteriores de actualización. Nos restantes casos, indemnizaráse polo importe do billete ou pasaxe empregada.

TERCEIRO.- Que queden derogados Decretos, acordos resolucíons e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo incluíndo bases de execución do orzamento municipal dando exposición pública por 15 días e entendendo que de non presentarse alegacións quedarán derogadas as bases de execución do orzamento municipal que se opoñan a este acordo.

6.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCÍONS DA ALCALDÍA RELACIONADAS CO ARTIGO 38.D) DO RD 2568/1986 DE 28 DE NOVEMBRO ASÍ COMO DECRETO NOMEAMENTO TESOUREIRO/A MUNICIPAL

Pola Secretaría dase lectura ós decretos da Alcaldía relacionados con este punto da orde do día:

<<**Decreto:** 283 / 2015 **Data decreto:** 24/06/2015 **Descrición decreto:** Nomeamento Tenentes de Alcalde.

DON JOSE LUIS RIVAS CRUZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vistos os artigos 20.1 e 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 46 e 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, segundo o disposto no artigo 46 do Regulamento de organización e funcionamento e rexime xurídico das entidades locais de 28 de novembro de 1986 tendo previsto esta Alcaldía propoñer o Pleno municipal a creación da Xunta de goberno local da que formarían parte os/as neste decreto nomeados/as Tenentes de Alcalde polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear Tenentes de Alcalde pola orde expresada ós seguintes Concelleiros que seran propostos tamén por esta Alcaldía como membros da Xunta de goberno local cuxa creación será proposta ó Pleno:

- 1º Dna. Ana Ledo Fernández
- 2º Dna. Sandra Sánchez Iñiguez
- 3º D. Abelardo Seoane Vázquez

SEGUNDO.- Corresponde ós nomeados, polo mesmo orde, substituírme na totalidade das miñas funcións, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas atribucións; así como nos supostos de vacante ata que tome posesión o novo Alcalde.

TERCEIRO.- A presente resolución notificárase ós designados persoalmente, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

Boimorto vintecatro de xuño de dous mil quince

O Alcalde

Asdo.- Jose Luis Rivas Cruz

Perante min:

A secretaria

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>>

<<**Decreto:** 286 / 2015 **Data decreto:** 25/06/2015 **Descrición decreto:** Delegación de competencia do Alcalde na Xunta de Goberno Local e fixación dos días e horas de celebración das súas sesións ordinarias.

DON JOSE LUIS RIVAS CRUZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto que foi creada a Xunta de Goberno Local por acordo plenario do 2011.

Visto o artigo 52 do Real Decreto 1968/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais.

Visto o artigo 112 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro que sinala que a competencia desta Alcaldía fixar por decreto día e hora de celebración de sesión ordinaria da Xunta de goberno local

Vistos os artigos 114 a 118 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro polo presente e tendo en conta o disposto no artigo 21.3 da Lei 7/1985 de bases do réxime local e as bases de execución do orzamento municipal para o ano 2011 polo presente **RESOLVO:**

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local ós/as seguintes concelleiros/as:

- 1.- Ana Ledo Fernández
- 2.- Sandra Sánchez Iñiguez
- 3.- Abelardo Seoane Vázquez

SEGUNDO.- Deixar sen efecto a delegación de competencias feita por esta Alcaldía Presidencia na Xunta de goberno local en decreto 201/2011 e no 2014 e recollida nas bases de execución do orzamento municipal do 2015 e delegar de forma expresa na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións desta Alcaldía:

A) A concesión de toda clase de licenzas e autorizacións.

B) As contratacións de obras, subministros, servizos e xestión de servizos públicos así como contratos administrativos especiais e contratos privados cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin en calquera caso a contía de seis millóns de euros incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin o porcentaxe indicado referido os recursos ordinarios do orzamento no primeiro exercicio nin a contía sinalada. Así como a adxudicación de concesións sobre os bens do Concello e adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de 3 millóns de euros así como a enaxenación do patrimonio cando o seu valor non supere a porcentaxe e contía indicados .

C) A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento municipal.

D) Dispoñer gastos, dentro dos límites que competan ó alcalde e os expresamente previstos nas Bases de Execución do Orzamento municipal, así como aprobar as facturas que correspondan ó desenvolvemento normal do orzamento municipal e que fosen recibidas polo Servicio de Intervención Tesorería, salvo os gastos referidos á nóminas do persoal do Concello que manteranse como de competencia da Alcaldía.

E) A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do Planeamento xeral competencia da Alcaldía, así como os instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

F) Organizar os servizos de recadación e tesourería, sen prexuízo das facultades do Pleno para aprobar as formas de xestión deses servizos, e aprobación das liquidacións de ingresos salvo padróns municipais no desenvolvemento da xestión económica do orzamento en vigor aprobado que seran aprobados por Decreto da Alcaldía.

G) A aprobación das certificacións de obras, dos que sexa competencia súa a contratación.

H) Informar os expedientes relativos a actividades clasificadas, así como informar en expedientes relacionados coa concesión de licencias urbanísticas.

TERCEIRO.- Fixar os últimos xoves hábiles de cada mes (de coincidir inhábil celebraríase a sesión ordinaria o seguinte día hábil) para a celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local ás 11:00 horas .

CIARTO.- Da presente resolución, darase coñecemento ó Pleno na primeira sesión que celebre, e publicárase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ó da data, conforme se indica no artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, deixando sen efecto calquera resolución ou acordo municipal contrario o disposto neste decreto.

Boimorto vintecinco de xuño de dous mil quince

O Alcalde

Asdo.- Jose Luis Rivas Cruz

Perante min:

A secretaria

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>>

<<**Decreto: 288 / 2015 Data decreto: 25/06/2015 Descripción decreto:** Nomeamento novo/a tesoureiro/a.

DON JOSE LUIS RIVAS CRUZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a constitución de nova Corporación tralas eleccións municipais de 2015 , e constituída dita corporación en data 13/06/2015.

Informado este Alcalde pola Secretaria Intervención que conforme o artigo 2.f) do Real Decreto 1732/1994 de 29 de xullo sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, e de que a competencia para designar tesorero/a do Concello estaba ligada á obriga de prestación de fianza e de eximirse desta obriga era necesario acordo plenario, máis dende a Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do empregado público que derogou o capítulo III do Título VII do Texto refundido de réxime lcoal aprobado polo Real Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril título no que se atopa o artigo 164.2 que obrigaba á prestación de fianza , derogado este precepto e non dicindo nada a disposición adicional 2ª do EBEP non hai obriga de prestación de fianza e polo tanto tampouco a necesidade de eximir desta obriga o que leva a concluir que a competencia para o nomeamento de Tesoreiro/a debe realizarse conforme ás normas xerais contidas nos artigos 21 e 22 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local e dado que a competencia non se da o Pleno pode concluirse que en virtude da cláusula residual de atribúe o alcalde todas as competencias non atribuídas expresamente oPleno a competencia para designar concelleiro tesorero e de Alcaldía.

Considerando que o posto de Técnico en xestión económico financeira de persoal funcionarios pode asumir esta función de tesorería neste concello de menos de 5.000 habitantes, e que estando informado pola empresa contratada para redacción dunha Relación de postos de traballo que dita función podería significar un incremento anual de 1.600€ nos complementos do posto de traballo así como que o seu desempeño por funcionario da máis estabilidade a este servizo municipal.

Polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Solicitar á empresa redactora da Relación de postos de traballo do Concello de Boimorto (sen prexuízo de posterior negociación na tramitación da aprobación deste instrumento de valoración de postos de traballo na Administración local) que incremente na valoración do posto de Técnico en xestión económico financiera 1.600€ como consecuencia da asunción das competencias propias de tesourería municipal .

SEGUNDO.- Nomear como Tesoreiro municipal Dª Armanda Vázquez García con DNI nº 76514897S notificándolle persoalmente este acordo sen esixir fianza algunha polo desempeño destas funcións.

TERCEIRO.- Dar conta expresa deste decreto no Pleno municipal sen prexuízo dos seus efectos dende a data da súa sinatura .

Boimorto vinte e cinco de xuño de dous mil quince

O Alcalde
Asdo.- Jose Luis Rivas Cruz

Perante min:
A secretaria
Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>>

A concelleira do grupo municipal do PP DCª Mª Jesús Novo expón que non está dacordo co nomeamento de membros da xunta de goberno local, tenentes de Alcalde xa que se lle dixo que non sería así e agora e. Pide que conste en acta.

O Alcalde pide que conste expresamente en acta que eu non afirmou en ningún caso que non sería así que dixo que non permitiría que se ocupasen da Alcaldía , que esto ven de negociacións con outra forza política , que a súa única condición foi que a Alcaldía quedase nas maos do BNG.

7.- DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DE GRUPOS MUNICIPAIS ARTIGO 25 RD 2568/1986 DE 28 DE NOVIEMBRE E DA EXISTENCIA DE MEMBRO NON ADSCRITO

A continuación dase conta dos comunicados dos distintos partidos que obtiveron representación nas pasadas eleccións municipais quedando constituídos os seguintes grupos municipais:-----

Escrito presentado con data 19 de xuño de 2015, rexistro de entrada número 1438, do Grupo municipal do PP, integrado polos concelleiros seguintes:-----

D. Gonzalo Concheiro Coello
Dna. María Jesús Novo Gómez
D. Elisardo Montero Castro
D. Rogelio Sueiro Carro
D. Luís Rico Vereá

Sendo voceira do grupo Dna. María Jesús Novo Gómez.

Escrito presentado con data 19 de xuño de 2015, rexistro de entrada número 1448, do Grupo municipal “Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE”, integrado polos concelleiros seguintes:-----

Dna. Ana Ledo Fernández
Dna. Sandra Sánchez Iñiguez
D. Abelardo Seoane Vázquez

Sendo voceiro do grupo, Dna. Ana Ledo Fernández.

Escrito presentado con data 19 de xuño de 2015, rexistro de entrada número 1450 do Grupo municipal do BNG-AA, integrado polos concelleiros seguintes:

D. José Luís Rivas Cruz
Dna. Raquel Val Vázquez

Sendo portavoz primeiro D. José Luís Rivas Cruz e portavoz segundo Dna. Raquel Val Vázquez.

Escrito presentado en data 18/05/2015 con rexistro de entrada nº 1423 por D.José Balado Casal con DNI nº 76514858E, concelleiro desta corporación de Boimorto que tomou posesión do cargo en sesión de data 13/06/2015 e presentouse ás eleccións municipais do ano 2015 baixo as siglas de independente dentro do partido socialista obrero de Galicia, escrito no que se sinala:

1º Que el compareciente formó parte de la candidatura local del PsdG-PSOE en las últimas elecciones municipales en el nº 3 , si bien con el carácter de INDEPENDIENTE, pues carece de afiliación concreta alguna al Partido Socialista.

2º Que en aplicación del artículo 73 de la Ley 7/1985 de 2 de abril y los artículos 23.2, 24,27 y 28 del Real decreto 2568/1986 de 28 de noviembre que regula el ROF y RJAL , solicita desde el inicio de este mandato corporativo formar un grupo municipal unipersonal del cual será portavoz, para lo cual solicita los derechos económicos y políticos y el pago de las remuneraciones de personal al servicio del grupo y demás derechos de local y despacho, que en su caso pudieren corresponderle.

3º Que no desea formar parte del grupo municipal socialista , por lo que cualquier comunicación al respecto por parte de dicha formación no podrá incluir a la persona del compareciente .

Por todo ello , al Sr. Alcalde -Presidente

SOLICITO que teniendo por presentado este escrito, se tengan por realizadas las manifestaciones en él contenidas a sú efectos

Boimorto 18 de junio de 2015”

O Alcalde solicita da Secretaría a explicación da existencia dun membro non adscrito na Corporación e pola Secretaría expone o decreto da Alcaldía nº 285/2015.

<<**Decreto:** 285 / 2015 **Data decreto:** 24/06/2015 **Descripción decreto:** Resposta ao escrito presentado polo concelleiro D. José Balado Casal.

DON JOSE LUIS RIVAS CRUZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto o informe emitido pola secretaria interventora deste Concello con data 24/06/2015, en relación co escrito presentado por D. José Balado Casal, concelleiro desta corporación de Boimorto que se transcribe literalmente:

<<REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA):

En aplicación do disposto no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional vista providencia da Alcaldía de data 24/06/2015 emito o seguinte informe.

ANTECEDENTES:

Escrito presentado en data 18/05/2015 con rexistro de entrada nº 1423 por D.José Balado Casal con DNI nº 76514858E, concelleiro desta corporación de Boimorto que tomou posesión do cargo en sesión de data 13/06/2015 e presentouse ás eleccións municipais do ano 2015 baixo as siglas de independente dentro do partido socialista obrero de Galicia , escrito no que se sinala:

1º Que el compareciente formó parte de la candidatura local del PsdG-PSOE en las últimas elecciones municipales en el nº 3 , si bien con el carácter de INDEPENDIENTE, pues carece de afiliación concreta alguna al Partido Socialista.

2º Que en aplicación del artículo 73 de la Ley 7/1985 de 2 de abril y los artículos 23.2, 24,27 y 28 del Real decreto 2568/1986 de 28 de noviembre que regula el ROF y RJAL , solicita desde el inicio

de este mandato corporativo formar un grupo municipal unipersonal del cual será portavoz, para lo cual solicita los derechos económicos y políticos y el pago de las remuneraciones de personal al servicio del grupo y demás derechos de local y despacho, que en su caso pudieren corresponderle.

3º Que no desea formar parte del grupo municipal socialista, por lo que cualquier comunicación al respecto por parte de dicha formación no podrá incluir a la persona del compareciente

Por todo ello, al Sr. Alcalde -Presidente

SOLICITO que teniendo por presentado este escrito, se tengan por realizadas las manifestaciones en él contenidas a sus efectos

Boimorto 18 de junio de 2015”

INFORME:

PRIMEIRO.- Visto el artículo 73 de la Ley 7/1985 de 2 de abril de bases del régimen local que literalmente señala:

1. La determinación del número de miembros de las Corporaciones locales, el procedimiento para su elección, la duración de su mandato y los supuestos de inelegibilidad e incompatibilidad se regularán en la legislación electoral.

2. Los miembros de las Corporaciones locales gozan, una vez que tomen posesión de su cargo, de los honores, prerrogativas y distinciones propios del mismo que se establezcan por la Ley del Estado o de las Comunidades Autónomas y están obligados al cumplimiento estricto de los deberes y obligaciones inherentes a aquél.

3. A efectos de su actuación corporativa, los miembros de las corporaciones locales se constituirán en grupos políticos, en la forma y con los derechos y las obligaciones que se establezcan CON EXCEPCIÓN DE AQUELLOS QUE NO SE INTEGREN EN EL GRUPO POLÍTICO QUE CONSTITUYA LA FORMACIÓN ELECTORAL POR LA QUE FUERON ELEGIDOS O QUE ABANDONEN SU GRUPO DE PROCEDENCIA, QUE TENDRÁN LA CONSIDERACIÓN DE MIEMBROS NO ADSCRITOS.

El Pleno de la corporación, con cargo a los Presupuestos anuales de la misma, podrá asignar a los grupos políticos una dotación económica que deberá contar con un componente fijo, idéntico para todos los grupos y otro variable, en función del número de miembros de cada uno de ellos, dentro de los límites que, en su caso, se establezcan con carácter general en las Leyes de Presupuestos Generales del Estado y sin que puedan destinarse al pago de remuneraciones de personal de cualquier tipo al servicio de la corporación o a la adquisición de bienes que puedan constituir activos fijos de carácter patrimonial.

Los derechos económicos y políticos de los miembros no adscritos no podrán ser superiores a los que les hubiesen correspondido de permanecer en el grupo de procedencia, y se ejercerán en la forma que determine el reglamento orgánico de cada corporación.

Esta previsión no será de aplicación en el caso de candidaturas presentadas como coalición electoral, cuando alguno de los partidos políticos que la integren decida abandonarla.

Los grupos políticos deberán llevar con una contabilidad específica de la dotación a que se refiere el párrafo segundo de este apartado 3, que pondrán a disposición del Pleno de la Corporación, siempre que éste lo pida.

Cuando la mayoría de los concejales de un grupo político municipal abandonen la formación política que presentó la candidatura por la que concurrieron a las elecciones o sean expulsados de la misma, serán los concejales que permanezcan en la citada formación política los legítimos integrantes de dicho grupo político a todos los efectos. En cualquier caso, el secretario de la corporación podrá dirigirse al representante legal de la formación política que presentó la correspondiente candidatura a efectos de que notifique la acreditación de las circunstancias señaladas.

Número 3 del artículo 73 redactado por el apartado 1 del artículo primero de la Ley 57/2003, de 16 de diciembre, de medidas para la modernización del gobierno local («B.O.E.» 17 diciembre). Vigencia: 1 enero 2004

En aplicación desta normativa D. José Balado Casal pasa a ser MIEMBRO NO ADSCRITO non pode atenderse a súa petición de formar grupo unipersonal do que será portavoz xa que se incumpliría o disposto no artigo 73 da Lei 7/1985 de 2 de abril

Unha vez foi celebrada o 13/06/2015 a sesión de constitución da Corporación tomando posesión todos os concelleiros electos e elixindo Alcalde o artigo 24 do ROF (regulamento de organización e funcionamento das entidades locais RD 2568/1986) que os grupos políticos constituiránse mediante escrito dirixido ó Presidente suscrito por todos os seus integrantes , que se presentará na Secretaría da Corporación dentro dos 5 días hábiles seguintes o da constitución da Corporación , polo que aquel concelleiro que non suscriba o escrito (así o caso de D. José Balado en relación có escrito de constitución do grupo municipal do PdsG-PSOE) queda como non adscrito. Di o artigo 25 do ROF que desta constitución dos grupos dos seus integrantes e portavoces o Presidente dará conta no Pleno na primeira sesión que se celebre tras cumprirse o prazo previsto no nº 1 do artigo anterior.

